

CIRCULAR DE PROGRAMACIÓN DF

N.º: DF_1/2020

ASUNTO: Convocatoria anual do Plan de Formación ao Agro Galego 2020

1. ANTECEDENTES

A importancia do sector agrario en Galicia, así como a evolución e especialización da agricultura e a silvicultura debido fundamentalmente aos cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais, esixen un nivel axeitado de información e formación no sector técnico e económico. Esta información e formación estará destinada á sensibilización en materia de calidade dos produtos, xestión sustentable dos recursos naturais, xestión técnica-económica, protección do medio e conservación da paisaxe. Cómpre, polo tanto, ampliar o ámbito das actividades de formación, información e difusión de coñecementos a todas as persoas dedicadas a actividades agrícolas, forestais e de produción de alimentos.

Estas actividades comprenden cuestións relativas ao aumento da competitividade do sector tanto agrícola coma forestal e este é un dos obxectivos establecidos no Regulamento (CE) 1305/2013, do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Como instrumento operativo destas actividades, a medida M01: Accións de transferencia de coñecementos e información (art. 14), Prioridade 1 de desenvolvemento rural, incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo FEADER, financia accións relativas a actividades de formación profesional e adquisición de competencias, orientadas a persoas con relación profesional ou con expectativa de incorporación nos sectores produtivos da agricultura, a gandería, a industria agroalimentaria e a cadea forestal-madeira dirixidas, en especial, a xoves e mulleres do medio rural.

As actividades contempladas baixo o amparo desta Circular deberán cumprir os preceptos relativos á información e publicidade de acordo co establecido no Anexo III do Regulamento (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE)1305/2013, e co disposto na “Estratexa de información e publicidade” do PDR 2014_2020 de Galicia.

2. OBXECTIVOS

Tal e como se establece no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, poderán ser beneficiarios da medida M01: Accións de transferencia de coñecementos e información a Administración autonómica, polas actividades que organice baixo a súa propia iniciativa. Así pois, esta circular ten por obxecto a convocatoria para a elaboración do Plan de Formación continua ao agro galego para o exercicio 2020, convócanse ás unidades propias da consellería para que presenten propostas de accións formativas para executar no exercicio 2020.

3. DESTINATARIOS DAS ACCIÓNS



Só serán elixibles as actuacións destinadas ás persoas vinculadas profesionalmente cos sectores produtivos relacionados coa agricultura, gandería, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira, ou con expectativa de incorporación, en especial mozos/as e mulleres do medio rural galego.

Estas accións formativas van dirixidas, tal e como establece o artigo 14.2 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, ás persoas que desenvolvan as súas actividades nos sectores agrario, alimentario e forestal, aos xestores de terras e aos axentes económicos que constitúan PEMES cuxo ámbito de actuación sexan zonas rurais.

Se o número de solicitantes dunha acción formativa excedese das prazas dispoñibles, será de aplicación o seguinte criterio de prioridade:

- a) Mozos e mozas que pretendan instalarse ou recentemente incorporados ao sector.
- b) Titulares e cotitulares das explotacións. As persoas de titularidade compartida terán un dereito preferente nestas actividades ao abeiro da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias, segundo se establece no seu artigo 12.4 “Medidas de fomento e axudas públicas”
- c) Familiares que traballen na explotación agraria.
- d) Ser traballador asalariado do sector agrario.
- e) Estar relacionada a súa actividade co tema da acción formativa.

En todos os casos, en igualdade de méritos, terá preferencia o sexo feminino sobre o masculino.

O número mínimo de alumnos será de 10.

4. TEMÁTICA E TIPOLOXÍA DAS ACCIÓNS DO PLAN

Esta circular promoverá actividades de formación profesional e adquisición de competencias, orientadas a persoas con relación profesional ou con expectativa de incorporación nos sectores produtivos da agricultura, a gandería, a industria agroalimentaria e a cadea forestal-madeira, dirixidas, en especial, a xoves e mulleres do medio rural. As actividades financiáveis poderán consistir en:

- a) Cursos de formación e capacitación xeral dirixidos a impartir formación de base en materias relacionadas co exercicio profesional e aquela formación habilitante necesaria para o desempeño de certas ocupacións profesionais do sector.
- b) Talleres temáticos de aprendizaxe en materias concretas e sesións de orientación específica destinados á adquisición de competencias e habilidades a través dun aprendizaxe práctico en técnicas e procesos para optimizar a produción e o procesado de produtos agrarios, forestais ou agroalimentarios.
- c) Visitas incluídas na programación dunha materia concreta. Cunha duración máxima dunha xornada, realizarase naqueles casos nos que sexa necesaria para que os participantes adquiren



unha competencia para a obtención dun certificado ou diploma acreditativo de superación dun curso.

- d) Formación de curta duración en modalidade on-line (internet) ou mixta (on-line-presencial). A formación on-line complementarase cun servizo de titorización.

As accións formativas non poderán ter unha duración inferior a 4 horas nin superior a 60 horas e poderán organizarse en grupos cun número mínimo de 10 alumnos e un máximo de 30 alumnos por curso.

Neste plan de formación contéplase a realización de accións formativas esixibles e non esixibles, entendendo por formación esixible aquelas accións formativas que teñen como obxectivo proporcionar aos profesionais do sector agroforestal os certificados, diplomas ou carnés esixibles polas distintas normativas que regulan as actividades, para as que sexa preceptivo contar coa pertinente acreditación de formación específica para exercerlas, así como naqueles casos en que sexa requisito para percibir determinadas axudas públicas.

As actuacións programaranse, dentro do posible, nas franxas horarias máis axeitadas para os destinatarios das accións e, deste xeito, facilitarase a súa participación.

Para favorecer a divulgación destas actuacións recoméndase, na medida do posible, a utilización das ferramentas TIC e de comunicación social.

A submedida non abranguerá os cursos de preparación ou formación que formen parte de programas ou sistemas educativos normais de ensino secundario o ou superior.

5. UNIDADES ORGANIZADORAS DAS ACCIÓNS DO PLAN

Este Plan de Formación levarase a cabo a través das seguintes unidades administrativas da Consellería do Medio Rural e na súa respectiva área de influencia:

- Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- Centros de formación e experimentación agraria.
- Centros de investigación agroforestal da Consellería do Medio Rural.
- Servizos técnicos agrarios e servizos veterinarios oficiais, na súa estrutura provincial, da área e comarcal.
- Distritos forestais.
- Oficinas agrarias comarcais.
- Outras unidades da Consellería do Medio Rural.

Poderán participar nestas actividades, en colaboración coas unidades propias solicitantes:

- Universidades galegas e outros centros formativos oficiais da Xunta de Galicia que impartan materias da área agroforestal.
- Centros de investigación ou tecnolóxicos, públicos ou privados, que desenvolvan as súas actividades no sector agrogandeiro, agroalimentario ou forestal da nosa Comunidade Autónoma.



- Consellos reguladores dos produtos con denominación de orixe, con indicación xeográfica protexida ou de agricultura ecolóxica.
- Colexios profesionais que desenvolvan prioritariamente as súas actividades no ámbito do medio rural.
- Entidades públicas ou privadas (entre elas, cooperativas ou outras entidades asociativas agrarias) que teñan entre as súas finalidades a formación e/ou información ao sector e teñan acreditada experiencia na organización de actividades de formación en materias relacionadas cos sectores agrícolas, gandeiros, forestais ou agroalimentarios.

Enténdese que a unidade solicitante da acción formativa será a responsable da súa coordinación e impartición. En caso contrario, deberase contemplar na solicitude o acordo ou compromiso coa unidade ou as persoas coas que se propón a súa organización.

6. PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS E PRAZO

Cada unidade solicitante deberá presentar as propostas vía telemática a través do REXEL e utilizará para iso o impreso do anexo I. Dirixirse ó Departamento de Investigación e Transferencia, pertencente a AGACAL(Interesado) (código REXEL da unidade destinataria: A12X00400/Código de procedemento: PR004A).

A unidade deberá enviar un anexo I debidamente cuberto por cada acción formativa solicitada poñendo como “asunto”: “Formación 2020”, nome da unidade administrativa colaboradora e un número correlativo que irá en función das accións propostas pola unidade.

Cubrirase igualmente o anexo II “Resumo das propostas 2020”, en formato folia de cálculo, onde quedará reflectida a totalidade das accións formativas solicitadas pola unidade administrativa para o exercicio 2020.

Os anexos poden descargarse do seguinte enderezo web:

http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/formacion_continua/

Se a documentación non fose recibida en tempo e forma, entenderase desestimada a solicitude.

As propostas deberán estar asinadas polas seguintes persoas:

- a) O responsable da unidade organizadora. O responsable da unidade organizadora asinará co fin de ter coñecemento das accións que se están a desenvolver na súa unidade.
- b) A persoa coordinadora membro da unidade organizadora que será a responsable da solicitude e, polo tanto, a encargada da xestión e xustificación da actividade.

As cualificacións mínimas do persoal docente ou relator serán as seguintes:

- Titulación universitaria de grao superior ou medio en materias agrarias e afíns, e en todo caso relacionada coa materia que se vai tratar na actividade.
- O persoal docente das prácticas deberá contar con titulación de formación profesional dos ciclos medio e superior da familia agraria ou asimilados.



- Poderán ser docentes/relatores das accións de demostración os titulares das explotacións agrarias, titulares forestais ou da empresa agroalimentaria e forestal que acrediten unha experiencia no sector mínima de 5 anos.

A data límite de presentación das propostas será o 31 de xaneiro de 2020. Non obstante, no caso de terse detectado unha demanda importante de accións formativas no sector agroforestal, poderá abrirse un segundo prazo de solicitudes para a presentación de novas propostas.

Será necesario un número mínimo de 10 participantes para a aprobación da actividade. O máximo será de 30 alumnos.

7. AVALIACIÓN, SELECCIÓN E APROBACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PLAN

O Departamento de Investigación e Transferencia da AGACAL, realizará un informe sobre o grao de cumprimento por cada unha das solicitudes dos requisitos sinalados nos puntos 4, 5 e 6 desta circular.

A selección das solicitudes realizarase en función dos criterios establecidos nesta submedida a través dunha comisión de valoración, quen derterminará ademais a contía económica para cada unha das accións aprobadas. Os membros da dita comisión serán nomeados para os efectos polo órgano competente. A actuación da dita comisión como órgano colexiado estará suxeita ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A dita comisión estará formada pola persoa titular da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria da AGACAL, que actuará como presidente/a, un/unha funcionario/a do Departamento de Formación, que actuará como secretario, e como vogais, o/a xefe/a do Departamento de Formación, o/a xefe/a do Departamento de Innovación Tecnolóxica, e un/unha funcionario/a do Departamento de Formación. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario/a que para tal efecto designe o presidente da Comisión.

Para a avaliación, teranse en conta os seguintes criterios:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
I. Tipoloxía dos beneficiarios finais das accións de formación. <ul style="list-style-type: none">• Agricultores/ as activos/ as, persoas adicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3. Se supoñen un mínimo de 7 persoas: 25 puntos• Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas que realicen traballos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais) ou da industria agroalimentaria. Se supoñen un mínimo de 7 persoas: 20 puntos (Puntuación excluínte da anterior)• Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora. Se supoñen un mínimo de 10 persoas: 15 puntos	Máximo 30 puntos



<p>(Puntuación excluínte das anteriores)</p> <ul style="list-style-type: none"> Propietarios forestais socios dunha entidade de xestión en común da terra ou con expectativa de selo: Se supoñen un mínimo de 10 persoas: 10 puntos. (Puntuación excluínte das anteriores) Se a actividade de calquera dos anteriores vai dirixida a mulleres, representando estas o mínimo esixido en cada apartado anterior, dita puntuación incrementarase en 5 puntos 	
<p>II. Desenvolvemento de accións en zonas de montaña ou desfavorecidas, segundo o regulamento 1305/2013.</p> <ul style="list-style-type: none"> Accións que se desenvolvan en zonas de montaña: 10 puntos Accións que se desenvolvan en zonas desfavorecidas distintas das de montaña: 5 puntos 	<p>Máximo 10 puntos</p>
<p>III. Calidad técnica de la propuesta.</p> <p>Programación da actividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> Ata un 10% de horas prácticas: 5 puntos Entre o 10% e un 20% de horas prácticas: 10 puntos Entre o 20% e o 50% de horas prácticas: 15 puntos <p>Contenido da actividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> Novas alternativas produtivas, novos procesos ou novas tecnoloxías ligadas ás accións financiadas a través das submedidas de cooperación (16.1 e 16.20): 10 puntos 	<p>Máximo 25 puntos</p>
<p>IV. Temática da proposta.</p> <ul style="list-style-type: none"> Formación esixible para o desenvolvemento dunha actividade, incluída a impartición das unidades formativas da familia profesional agraria: 20 puntos Produtos de calidade diferenciada (DOPs, IGP, produtos de artesanía alimentaria: 20 puntos Produtos de agricultura ou gandería ecolóxica: 20 puntos Incorporación de Tics: 15 puntos Produción integrada e control integrado de pragas: 10 puntos Posta en valor de terras agrarias en desuso: 10 puntos Reestruturación da propiedade de terras agrarias: 10 puntos Reestruturación, reorientación ou diversificación de explotacións: 10 puntos Energías renovables: 10 puntos Maquinaria relacionada coa produción agraria innovadora que supoña maior eficiencia: 10 puntos Xestión empresarial ou comercial (incluído comercio exterior): 5 puntos Seguridade alimentaria, calidade, prevención de riscos e medio ambiente na cadea de produción: 5 puntos 	<p>Máximo 35 puntos</p>



<ul style="list-style-type: none">• Eficiencia na xestión e uso dos recursos naturais: 5 puntos• Restauración, preservación e mellora do ecosistema: 5 puntos• Biodiversidad: Rede natura: 5 puntos• Outros (de interese para o sector primario e transformador agrario e agroalimentario): 5 puntos	
PUNTUACIÓN MÁXIMA	100 puntos

Non se poderá aprobar proposta algunha cando:

- a) Non se remítise a documentación (anexos I e II) debidamente cuberta.
- b) Non acade unha puntuación igual ou superior de 30 puntos que se corresponderá co 30% da puntuación máxima total que se poida alcanzar no procedemento de selección (100 puntos) en función dos criterios de selección aplicados.

Seleccionaranse aquelas actuacións que obteñan unha maior puntuación como resultado de aplicar os criterios de selección. En caso de empate, resolverase segundo as solicitudes obtivesen maior puntuación nos criterios e na orde seguintes:

1. Calidade técnica da proposta
2. Temática da proposta
3. Tipoloxía dos beneficiarios das accións de formación
4. Desenvolvemento de accións en zonas de montaña ou desfavorecidas, segundo o regulamento 1305/2013

A partir da proposta da comisión de avaliación, mediante resolución do director da AGACAL, aprobarase a relación de actividades do Plan, coa súa contía económica e a programación temporal para 2020. A referida aprobación das actividades do Plan estará condicionada pola dispoñibilidade de crédito.

Aos solicitantes comunicaráselles a relación das actividades de formación aprobadas e a contía económica asignada a cada unha, xunto coas instrucións para a súa correcta xestión e xustificación.

Antes de iniciar a acción, deberase ter constancia de que se cumpre coa puntuación inicialmente prevista ou cando menos que a puntuación obtida é superior á puntuación do primeiro expediente non seleccionado por falta de orzamento, xa que a puntuación pode oscilar en canto á “**Tipoloxía dos beneficiarios finais das accións de formación**”.



Así mesmo, a resolución dos expedientes desta convocatoria anual do plan de formación **está condicionada á aprobación da modificación do PDR 2014_2020** presentada ante a Comisión Europea o 19 de novembro de 2019 a través de SFC2014 de conformidade co artigo 22, apartado 4, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o artigo 11, letra b) do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento e do Consello.

8. GASTOS FINANCIABLES E FONTE DE FINANCIAMENTO

Para a elaboración das propostas que inclúan gastos xerais, é preciso que se teña en conta o artigo 48.2.e) do Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

As actividades contempladas nesta circular serán imputadas á aplicación 14.A2.422L.640.0, formación profesional e adquisición de competencias (proxecto 2016 00213), por un importe total de 1.080.494 euros, cofinanciada nun 75 % por FEADER, nun 2,5 % polo Ministerio de Agricultura e Pesca e Alimentación e nun 22,5 % pola Xunta de Galicia.

A tramitación deste expediente farase conforme ao establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2020 aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, e en trámite parlamentario.

Non se financiarán os gastos das actividades formativas que tiveran lugar antes da data de fiscalización da disposición do gasto da acción proposta.

Serán financiáveis, en virtude desta medida, os gastos de organización e prestación das accións de formación que se detallan deseguido:

- Custes de xestión e organización
- Gastos de profesorado. Os traballos realizados polo persoal da Xunta de Galicia non serán retribuídos se se desenvolven dentro da súa xornada laboral habitual. En todo caso, o persoal da Administración pública debe cumprir co establecido no artigo núm. 19.h) da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Debe tratarse dunha colaboración ou participación ocasional ou esporádica, o que significa facer parte dunha actividade ou xunto con outros, non a participación na totalidade do curso, de modo que implique unha intervención puntual en algunha parte ou fase do curso. En todo caso, o número máximo de horas impartido non excederá de 75 horas por docente. No caso dos centros de formación con formación regrada, considerarase como xornada laboral habitual desde as 9:00h ata as 18:00 h. De tódalas maneiras, poderán serlle retribuídas unha vez superadas as 20 h semanais de impartición de clases.



En todo caso, considerarase “*colaboración ou participación ocasional ou esporádica*” a participación dun máximo de 8 horas. Se o curso tivese unha duración de 8 horas ou menos, poderá impartirse na súa totalidade.

- Material didáctico, incluídos os ligados ó deseño e desenvolvemento do material de formación.
- Alugamento de locais.
- Custos relacionados co lugar onde se realiza a acción.
- Gastos de desprazamento e manutención.
- Custos de equipo directamente vinculados á actividade formativa.
- Custos de difusión e promoción da actividade.
- Aluguer de maquinaria necesaria para a impartición da formación.

No suposto de organización de visitas a través desta submedida financiarase o 100% dos gastos de desprazamento nun medio de transporte colectivo, debidamente xustificada a oportunidade e necesidade do uso dese transporte concreto.

Aplicaranse custos de referencia, con límites máximos admisibles para a determinación do gasto.

En ningún caso se poderán imputar:

- a) As comidas dos participantes (técnicos, agricultores, silvicultores e, en xeral, persoas que traballan no sector agroforestal) nas accións formativas.
- b) A adquisición de material inventariable salvo os custos de equipo directamente vinculados á actividade formativa.

A solicitude deberá recoller o custo económico real da actividade desagregado por conceptos (segundo o punto 9 do formato do anexo I). A dotación económica que finalmente destine a consellería para cada actividade do Plan establecerase en función do dito custo económico.

O cálculo do orzamento para as actividades de formación será o seguinte:

- O importe básico máximo por actividade será de 3.500 € (a) gastos xerais máis b) gastos de profesorado) pola organización de cursos de 20 horas de duración; no caso de cursos de maior ou menor duración realizarase o cálculo proporcional.

Así, a dotación económica de cada acción formativa concretarase no baremo que se xunta:

a) Gastos xerais

- Aluguer de locais e custes relacionados co lugar de realización da actividade: Máximo 600 € por curso de 20 h. No caso de cursos de maior ou menor duración , realizarase o cálculo proporcional.



- Organización técnico/administrativa (responsabilidade dos aspectos organizativos da actividade formativa de que se trate, desde o inicio ata a entrega da documentación xustificativa correspondente, diante da AGACAL): 7,5 € por cada hora de actividade formativa, cun mínimo de 150 € e un máximo de 450 € por actividade formativa.
- Material didáctico (incluído material de prácticas): 1 € por alumno e hora de actividade formativa, ata un máximo de 1.000€. En casos excepcionais, debidamente motivados e fundamentados na necesidade de material de formación, poderá incrementarse o máximo ata os 3.000 €.
- Aluguer de maquinaria necesaria: máximo 1.750 €. Será necesario vinculalo a un curso cunha duración mínima de 20 horas. No caso de cursos de maior duración, realizarase o cálculo proporcional.

b) Gastos de profesorado (incluírá a impartición das ensinanzas das distintas unidades didácticas, tanto teóricas como prácticas):

- Modalidade presencial: Máximo 60€/hora impartida. Unicamente en casos excepcionais, debidamente motivados e fundamentados no nivel de dificultade técnica e na calidade académica do docente, se poderá exceder a anterior contía económica ata un máximo de 150 €/hora. No caso concreto de cursos de fitosanitarios (nivel básico e cualificado) e cursos de benestar animal, o máximo será 30 €/hora.
- Modalidade semipresencial: máximo 1€/hora semipresencial e alumno.
- Gastos de desprazamento e manutención: Tomarase como referencia para establecer os importes máximos, os establecidos para o persoal da administración autonómica, Grupo 2 (resolución do 29 de decembro de 2005 (DOG nº250, 30/12/2005).
 - Desprazamento: 0,19 €/km
 - Aloxamento: 65,97 €/noite
 - Manutención: 18,70 € (media dieta)/37,40 € (dieta completa)
 - Outros gastos suplidos: Segundo tique ou factura

Visitas

- No caso de ser autorizada unha visita de programación do curso financiarase o 100% dos gastos de desprazamento nun medio de transporte colectivo, debidamente xustificada a oportunidade e necesidade do uso dese transporte concreto.

En todo caso para o cálculo do importe máximo das accións formativas estarase ao establecido no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.



10. ENDEREZO WEB

O enderezo web que se indica máis abaixo será o lugar de referencia para os efectos de avisos, notas metodolóxicas e descarga da documentación relativa ao Plan anual de formación continua 2020.

https://mediorural.xunta.gal/areas/investigacion_e_formacion/formacion_continua/plan_de_formacion_2020/

Santiago de Compostela,

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Manuel Rodríguez Vázquez



ANEXO I

PROPOSTAS DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN CONTINUA AGROFORESTAL 2020

1. NOME DA ACCIÓN FORMATIVA:		
2. UNIDADE SOLICITANTE:		
Enderezo:		
Código postal	Concello	Provincia
Correo electrónico:		
3. PERSOA COORDINADORA		
Nome e apelidos:		
Correo electrónico:	Tfno:	
4. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS		
5. PROGRAMA		
6. DESTINATARIOS		
7. DESENVOLVEMENTO		
<ul style="list-style-type: none">• Duración (horas):• Horario de impartición:• Lugar de realización:• Proposta de data de realización (mes):		



8. CRITERIOS DE SELECCIÓN		
Criterio		Puntuación
I. Tipoloxía dos beneficiarios finais das accións de formación.		(ata 30 puntos)
Tipoloxía dos beneficiarios finais das accións de formación.	– Agricultores/ as activos/ as, persoas adicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3. Se supoñen un mínimo de 7 persoas:	
	– Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas que realicen traballos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais) ou da industria agroalimentaria. Se supoñen un mínimo de 7 persoas:	
	– Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora. Se supoñen un mínimo de 10 persoas:	
	– Propietarios forestais socios dunha entidade de xestión en común da terra ou con expectativa de selo: Se supoñen un mínimo de 10 persoas:	
	– Se a actividade de calquera dos anteriores vai dirixida a mulleres, representando estas o mínimo esixido en cada apartado anterior, dita puntuación incrementarase en 5 puntos	
II. Desenvolvemento de accións en zonas de montaña ou desfavorecidas, segundo o regulamento 1305/2013.		(ata 10 puntos)
Desenvolvemento de accións en zonas de montaña ou desfavorecidas, segundo o regulamento 1305/2013.	– Accións que se desenvolvan en zonas de montaña:	
	– Accións que se desenvolvan en zonas desfavorecidas distintas das de montaña:	
III. Tipoloxía das accións.		(ata 25 puntos)



Programación da actividade:	– Ata un 10% de horas prácticas:	
	– Entre o 10% e un 20% de horas prácticas:	
	– Entre o 20% e o 50% de horas prácticas:	
Contido da actividade:	– Novas alternativas produtivas, novos procesos ou novas tecnoloxías ligadas ás accións financiadas a través das submedidas de cooperación (16.1 e 16.20):	
IV. Temática da proposta		(ata 35 puntos)
Temática da proposta	– Formación esixible para o desenvolvemento dunha actividade, incluída a impartición das unidades formativas da familia profesional agraria:	
	– Produtos de calidade diferenciada (DOPs, IGP, produtos de artesanía alimentaria):	
	– Produtos de agricultura ou gandería ecolóxica:	
	– Incorporación de Tics:	
	– Produción integrada e control integrado de pragas:	
	– Posta en valor de terras agrarias en desuso:	
	– Reestruturación da propiedade de terras agrarias:	
	– Reestruturación, reorientación ou diversificación de explotacións:	
	– Enerxías renovables:	





	– Maquinaria relacionada coa produción agraria innovadora que supoña maior eficiencia:	
	– Xestión empresarial ou comercial (incluído comercio exterior):	
	– Seguridade alimentaria, calidade, prevención de riscos e medio ambiente na cadea de produción:	
	– Eficiencia na xestión e uso dos recursos naturais:	
	– Restauración, preservación e mellora do ecosistema:	
	– Biodiversidad: Rede natura:	
	– Outros (de interese para o sector primario e transformador agrario e agroalimentario):	
PUNTUACIÓN TOTAL		100 puntos



ANEXO I

9. ORZAMENTO			
TIPO DE GASTOS			
Gastos :	N.º unidades	Prezo unitario (€)	Orzamento (€)
Organización técnico/administrativa			
Profesorado (n.º horas)			
Gastos de desprazamento			
Manutención			
Material didáctico			
Aluguer de locais e custes relacionados co lugar de realización da actividade			
Aluguer de maquinaria necesaria			
Costes de equipo directamente vinculados á actividade formativa			
Costes de difusión e promoción da actividade			
Outros gastos suplidos			
Visitas			
Orzamento gastos			

(1) En virtude do punto 14 do artigo 3 do Real decreto 1852/2009, de 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos Programas de Desenvolvemento Rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), non serán subvencionables os gastos non docentes de actividades formativas e de amortización ou arrendamentos de bens e edificios destinados a elas, no que excedan do 25 % do importe total dos gastos subvencionables da operación. Ademais, cómpre acreditar a moderación de custos.

OBSEVACIÓNS

En _____, ____ de _____ do 2020

Conforme:
responsable da unidade organizadora

Conforme:
A persoa coordinadora

Asdo.: _____

Asdo.: _____

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria

Departamento de Formación

Avda. do Camiño Francés, 10. 15781. Santiago de Compostela - A Coruña



ANEXO II
PROGRAMA CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUA NO AGRO GALEGO PARA 2020

PROPOSTAS POR UNIDADE

UNIDADE IMPARTIDORA	CONCELLO (onde se imparte)	ACCIÓN FORMATIVA- Temática	NOME E APELIDOS COORDINADOR	TELEFONO COORDINADOR	CORREO ELECTRONICO COORDINADOR	CORREO ELECTRONICO UNIDADE IMPARTIDORA	HORAS	ALUMNOS	MES DE INICIO PROPOSTO
		1							
		2							
		3							
		4							
		5							

En _____, ____ de _____ do 2020

Conforme:
Responsable da unidade organizadora

Conforme:
A persoa coordinadora

Asdo.: _____

Asdo.: _____

